

## **INSTRUCCIÓN 6/21 DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE A PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN DUN PROCESO XENERALIZADO DE VACINACIÓN COVID-19.**

Sobre a base do “*Plan Galego de vacinación Fronte ao SARS-CoV-2*” da Dirección Xeral de Saúde Pública, así como da Estratexia de vacinación do Ministerio de Sanidade, e ante a vindeira chegada de maior número de vacinas nas semanas próximas, cómpre a planificación dun proceso xeneralizado de vacinación.

Este proceso organizarase tendo en conta, obviamente, a dispoñibilidade semanal de doses de vacina, pero co obxectivo último de vacinar no menor prazo posible á poboación galega.

Con estas instrucións preténdese ordenar, cunhas normas e principios reitores, a organización e a conformación dos equipos de vacinación neste novo proceso.

O persoal de enfermaría de atención primaria será o persoal encargado da vacinación na súa xornada ordinaria, previa formación regrada. Con todo, coas coñecidas dificultades de dispoñibilidade de persoal nas listas de vinculación temporal de enfermeiras/os, un proceso de vacinación de numerosa poboación, concentrado no menor tempo posible, requirirá necesariamente o uso da xornada ordinaria pero tamén cómpre prever e organizar os recursos para conformación de equipos para xornada complementaria, de ser o caso, en horarios diferentes aos ordinarios, en fins de semana e días festivos.

En consecuencia, con base nas facultades atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.2 do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, e sen prexuízo doutras instrucións xa aplicables ou que se poidan remitir ao respecto (espazos e medios de traballo, medidas de protección, proceso de vacinación...), dítanse as seguintes

Instrucción 6/21

## INSTRUCCIÓNS

### **Primeira. *Obxecto e ámbito***

As presentes instrucións están dirixidas ás xerencias e direccións das áreas sanitarias e teñen por obxecto organizar e planificar a administración de vacinas COVID 19 da maior parte da poboación no ámbito de Galicia.

### **Segunda. *Formación***

O persoal de enfermaría (incluídos/as especialistas) de atención primaria será convocado a unha xornada formativa de 2 horas (teleformación), polo Servizo de Galego de Saúde a través do ACIS. As xornadas versarán sobre vacinación e realizaranse 3 edicións, a desenvolver en dous horarios diferenciados na quenda de mañá ás 13 horas e na quenda de tarde ás 20 horas.

### **Terceira. *Vacinación en xornada ordinaria***

A administración de vacinas COVID 19 levarase a efecto polo persoal de enfermaría de atención primaria na xornada ordinaria.

Cada área sanitaria realizará a planificación coa determinación de equipos e puntos de vacinación tendo en conta diversos escenarios posibles, en función do número de doses que se reciban e dos aforos dos centros de Atención Primaria. Cada equipo de vacinación estará formado por 2 enfermeiras/os. Cada 12 enfermeiras terán un/unha coordinador/a do equipo específico experto na vacinación, que estará dispoñible para xestionar incidencias, apoiar na formación e coordinar aos equipos ao seu cargo.

Os escenarios posibles de vacinación realizaranse en tres tramos: menos de 100.000, de 100.000 a 200.000, e maior de 200.000 a 300.000 de posibles chegadas semanais a Galicia. Cada área sanitaria debe calcular o seu escenario por distrito/área en proporción á poboación de cada ámbito de xestión sanitaria (área/distrito).

Instrucción 6/21



Os puntos de vacinación situaranse nos centros de maior tamaño que se determinen en cada xerencia, co fin de organizar axeitadamente a recepción e retorno das doses sobrantes e contarán cunha enfermeira responsable por equipo.

As axendas contemplarán como mínimo a administración en xornada ordinaria de 50 vacinas por enfermeira/o e quenda.

En consecuencia, programarase a actividade do persoal de enfermaría para vacinación en función das doses a administrar semanalmente, en función do aforo diario de cada centro de vacinación, aplicando as medidas de ordenación de persoal que sexan necesarias, tanto na asignación de tarefas como na xestión de persoal.

A organización da vacinación debe constar nun plan funcional e informar á Xunta de Persoal/Comité de cada centro respectivo.

#### **Cuarta. Normas para conformar equipos de enfermaría en xornada complementaria**

De non ser suficiente a xornada ordinaria e os aforos dos centros de vacinación para cumprir os obxectivos de vacinación semanal, poderanse conformar equipos de enfermaría para prestación de servizos en xornadas complementarias. As xerencias atenderán aos criterios de experiencia en atención primaria (1 ano mínimo) e de voluntariedade (realización dunha oferta). A opción de voluntariedade será dirixida a todo o persoal de enfermaría de atención primaria para a realización de xornada complementaria nos centros habilitados como puntos de vacinación, tanto en centros de traballo do Servizo Galego de Saúde como en espazos externos que poidan habilitarse para incrementar a capacidade de vacinación, de non ser suficientes os centros e o persoal en xornada ordinaria.

A xerencia abrirá un prazo non inferior a 5 días para que o persoal de atención primaria mostre a súa voluntariedade para prestar servizos en xornada complementaria.

Instrucción 6/21



O persoal dispoñible será ordenado pola súa antigüidade e terá realizado o curso de formación en vacinación convocado polo ACIS.

Este persoal será chamado, para tarefas de vacinación, no momento que se determine pola Consellería de Sanidade.

Estableceranse medidas para que a xornada complementaria se reparta equitativamente.

No caso de habilitar espazos externos, ditarase protocolo específico de dotación e actuación.

#### **Quinta. Retribucións adicionais**

Establecerase un complemento pola realización de xornada complementaria. Igualmente remunerarase a dispoñibilidade, as actividades de xestión e incidencias así como de formación de equipos de vacinación para as persoas que se designen como coordinadoras.

**Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital**

**José Flores Arias**

**Xerente do Servizo Galego de Saúde**

Instrucción 6/21

**XERENCIAS DAS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.**

